



ACTIVIDADES DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA E DA SÚA ASOCIACIÓN DE AMIGOS

O Museo do Castro de Viladonga, cumprindo coas súas funcións de conservación, investigación, difusión e dinamización do patrimonio cultural, veu desenvolvendo, como é habitual, diversas actividades encamiñadas á consecución destes obxectivos entre os meses de maio de 2016 e abril de 2017. Este espazo temporal, que non coincide co do ano natural como sería de esperar, elixiuse exclusivamente por razóns técnicas derivadas da edición desta revista.

En canto ás funcións de conservación e investigación, no último trimestre de 2016 levouse a cabo unha nova campaña do proxecto *Traballos de escavación, acondicionamento e consolidación arqueolóxica no Castro de Viladonga*, financiado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con fondos Feder; nesta ocasión a empresa encargada de realizar os traballos foi Terra Arqueos S.L., que achegou emprego de morteiros hidrófugos que permitiron eliminar as cubertas de lousa e tepes ou terróns vexetais que se viñan empregando como protección das cabeceiras dos muros. Isto permitiu deixar á vista as distintas fases construtivas das estruturas cun criterio de ruína consolidada, de máis fácil lectura polo público visitante. Escavouse tamén un pequeno tramo do camiño leste-oeste no que se atoparon bastantes restos materiais, en número e relevancia superiores ó esperado nun espazo tan reducido.

O museo segue recibindo os materiais arqueolóxicos procedentes das escavacións en varios xacementos, tanto da cidade como da provincia de Lugo, que se custodian nun almacén externo; entre os ingresados neste tempo, cabe destacar unha machadiña votiva

de bronce procedente de Vilamor, Mondoñedo, que se pode relacionar con outros “bronces sacrificiais” achados no noroeste peninsular.

Á xestión documental destes fondos arqueolóxicos, xunto cos procedentes da escavación do castro de Viladonga, faise co programa Domus (sistema integrado de documentación e xestión museográfica). En paralelo á documentación dos ingresos, iniciouse a renovación e sistematización dos elementos de embalaxe nos que se gardan así como a súa rotulación, comezando por aqueles materiais que presentan máis problemas de conservación.

Para levar a cabo estes traballos e dada a moi notable cantidade de pezas ingresadas neste período, contouse coa colaboración de dous bolseiros, un para a documentación e outra para a restauración.

En canto á relación do museo con institucións e persoal investigador alleo, é de salientar a presenza de dous investigadores que se atopan elaborando as súas teses doutorais, así como a visita dun investigador do Instituto de Ciencias del Patrimonio, interesado no estudo dos materiais tardíos de Viladonga. O museo tamén colabora coas Facultades de Humanidades e Formación do Profesorado da USC e da Universidade de Vigo dirixindo e supervisando as prácticas dalgúns dos seus alumnos.

O Museo do Castro de Viladonga colaborou tamén na publicación conmemorativa do 150 Aniversario do Museo Arqueolóxico Nacional (MAN).

No apartado de divulgación e dinamización do museo e do castro, ademais da oferta habitual de visitas guiadas coa utilización de materiais e recursos didácticos propios, do traballo didáctico con escolares e dos obradoiros de arqueoloxía, cerámica a man e numismática, leváronse a cabo outra serie de actividades.

Visitas teatralizadas, dirixidas pola compañía Teatro do Miolo que, como noutros anos, recrearon de maneira lúdica a vida dos que habitaron no castro.

Obradoiros de cerámica a torno, nos que os artesáns da empresa Barroenvivo ensinaron esta técnica ós escolares.

Sábados culturais, ciclo que incluíu un concerto a cargo da Orquestra de Fautas de Galicia, outro protagonizado polo Coro Infantil Xoan Montes de Lugo e outro polo grupo La Xácara de música barroca.



La Xácara

Neste mesmo ciclo, ofreceuse a actuación de LiLa Teatro coa representación da obra A vaca Celeste, función teatral en clave de humor para os amantes da natureza, e un espectáculo de ilusionismo e "tecnomaxia" a cargo do mago da Terra Chá, Oscar Bello.

No **Nadal** programáronse as habituais función teatrais para o público infantil; desta vez foi un espectáculo de títeres no que Esteban Acuña, de Tarabelos Teatro, representou a Canción de Nadal de Charles Dickens.

Dentro da programación anual do Museo, hai que sinalar a celebración do Día das Letras Galegas (17 de maio), do Día Internacional dos Museos (18 de maio) e da Noite dos Museos (este ano o 21 de maio).

No 2016, o **Día das Letras Galegas** dedicouse á lembranza do poeta chairego Manuel María e, para homenaxealo, editáronse catro marcapáxinas coa reprodución do seu poema dedicado ó Castro de Viladonga. Tras a presentación houbo unha actuación da Asociación Cultural "Leña Verde" de Pol (Lugo).

O **Día Internacional dos Museos** tivo por lema "Museos e paisaxes culturais" e conmemorouse cunha exhibición de voo con aves rapaces no castro.

A **Noite dos Museos** desenvolveuse segundo o seguinte programa: Demostración de xogos populares a cargo do Club de Bolos "O Cadaval" (Pacios, Castro de Rei), interpretación de música tradicional a cargo da Asociación Cultural "Os Valuros" de Castro de Rei, obradoiro de reprodución de pezas de cerámica e demostración de cocedura a cargo dos artesáns Pablo Mazoi e Macu de "Barroenvivo"; concerto do grupo "Cantata Vernácula", refrixerio e visita nocturna ó castro.



Cantata Vernácula



Cocción cerámica

En canto ás **exposicións temporais**, presentouse este ano a titulada “A cerámica castrexa en Galicia. Investigación e recuperación”, realizada pola Fundación Terra Termarum Castrolandín, de Cuntis, na que se presentaron 11 réplicas de vasillas de cerámica castrexa realizadas a partir de fragmentos atopados no Castro de Viladonga. A exposición complementouse cun obradoiro no que os participantes realizaron diversas pezas que, con posterioridade, foron cocidas nun forno de terra acondicionado no museo a similitude dos utilizados na época castrexa.

Noutra orde de cousas, o museo conseguiu a substitución dos vellos carteis de sinalización nas estradas N-640 e LU-1102, por novos sinais de presinalización e dirección co fin de facilitar ó público en xeral o desprazamento e acceso ó museo e castro.

En 2016 publicouse o nº 26 da revista Croa, órgano de expresión científica e cultural do museo e editouse un novo folleto despregable no que aparece a nova imaxe corporativa deste.

A **Asociación de Amigos do Castro de Viladonga**, continua a estreita colaboración co museo na organización da Noite dos Museos, na que se encarga do refrixerio que se ofrece ó anoitecer ós participantes na festa. Colaborou tamén noutras actividades, como no concerto da Orquestra de Fautas de Galicia e no do Coro Infantil Xoan Montes de Lugo e colaborou coa difusión do museo e do castro a través do mantemento da páxina web aaviladonga.es e especialmente coa adquisición de reproducións de diversas pezas do museo que se venden na tenda deste e a través da citada páxina.

